

Teresa Barberena

Estudou Xornalismo na Universidade Autónoma de Barcelona, Comunicación Audiovisual na de Vigo e o Ciclo Superior de Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe no IES La Marxadella. É Doutora Cum Laude en Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela.

Na súa vida profesional traballou en gabinetes de prensa, xornais e na televisión como guionista e técnica de contidos. Na actualidade, compaxina a escritura de guións coa docencia en imaxe e son.

Nos últimos anos e despois de gañar co seu alumnado o Premio Nacional de Educación do Ministerio de Educación á Inclusión 2017 co proxecto Festival de Cine Consentido, especializouse na Accesibilidade no Cinema. Dirixiu os Departamentos de Producción e Accesibilidade do Festival de Cine Inclusivo de Vigo ata o ano 2023 no que deixou de celebrarse. É docente do Curso de Especialización de Audiodescrición e Subtitulado no que impulsa a necesidade dun audiovisual accesible e inclusivo en Galicia.